

Dolores Pereira Oliveira

## CONCLUSIONES

XORNADA

### Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: Estado da cuestión desde Galicia

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
8 de xuño de 2017



Conclusións das IV Xornadas Xénero e Documentación. *Arquivos  
públicos e perspectiva de xénero: Estado da cuestión desde Galicia*

Dolores Pereira Oliveira.

Coordinadora da Xornada

As IV Xornadas Xénero e Documentación organizadas pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura, celebráronse o pasado 8 de xuño de 2017, baixo o título

***Arquivos públicos e perspectiva de xénero: Estado da cuestión desde Galicia.***

Nela puxéronse de manifesto diversas circunstancias relativas á presenza e visibilización das mulleres nos arquivos desde perspectivas de xénero e/ou feministas.

Partindo dun rápido percorrido polas circunstancias históricas que configuran a realidade actual, puxéronse de manifesto as discriminacións inscritas nas presenzas e ausencias das mulleres nos arquivos públicos tanto no que se refire ao desempeño da profesión, como nos documentos, nos usos das fontes documentais, na investigación, ou nas propias ferramentas de organización, descrición e difusión dos fondos. Abríronse vías de análise das diferentes realidades, preguntas arredor das mesmas e ante situacións nas que é preciso por en práctica estratexias que permitan cambiala.

Ao finalizar a xornada e tras a mesa redonda, extraéronse algunhas conclusións que, máis que pechar esta actividade concreta, permiten visualizar unha parte importante dos elementos do camiño que os arquivos públicos deben percorrer para a construción dunha memoria máis xusta e representativa tanto das institucións como da sociedade civil. Estas son:

- 1.- Solicitar das administracións a implementación de políticas activas de igualdade no ámbito dos arquivos públicos, fomentando accións concretas e continuadas en dúas áreas:
  - a).- Establecer criterios sistemáticos e plans de visibilización da presenza das mulleres nos documentos custodiados nos arquivos públicos. Estes deben ser aplicables a todos os procesos arquivísticos; incorporando marcadores adecuados nos traballos de organización, descrición, avaliación e selección de documentos; planificando adecuadamente a difusión; etc.
  - b).- Elaborar un plan de busca activa de documentos, arquivos ou outros testemuños das mulleres en todos os espazos e ámbitos da vida social e cultural, nos movementos sociais, do movemento feminista e dos feminismos para custodialos, organízalos e difundilos.
- 2.- Solicitar ás administracións públicas e aos organismos internacionais que as ferramentas de busca e difusión do patrimonio documental (PARES, Europea, Hispana, Galiciana...) incorporen tamén perspectivas feministas e de xénero, e definan marcadores neste senso.
- 3.- Solicitar ás administracións públicas e aos organismos internacionais a incorporación de datos de xénero nos instrumentos técnicos de organización e descrición de fondos documentais, e moi especialmente, nos modelos conceptuais que se están a construír: NEDA, Normas Internacionais de descrición, RIC, e-EMEGDE, proxectos de arquivo único...
- 4.- Potenciar o proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos: Non existen ferramentas accesibles que nos permitan saber cantas e cantos somos, que formación temos, que prazas ocupamos,... polo tanto, emprazamos ás administracións públicas para que poñan en servizo un directorio do persoal técnico dos seus arquivos, con expresión do seu sexo, titulación, praza e categoría profesional, de acceso libre e fácil localización nas páxinas web das institucións. Ademais acordamos instar ás asociacións profesionais a participar na creación e mantemento deses directorios.